



CÓDIGO DE CONDUCTA DOS PAIS

Os pais/nais dos deportistas comprométese a:

1. Solicitar ao adestrador unha entrevista cando queira falar sobre o comportamento e a traxectoria do seu fillo para non o facer diante del.
2. Reforzar as decisións do adestrador.
3. Comunicar e xustificar calquera ausencia aos adestramentos e/ou partidos. (Non utilizar a ausencia aos adestramentos como medida de castigo, para favorecer o compromiso adquirido cos compañeiros, o adestrador e o club.)
4. Non xerar presión innecesaria ao seu fillo.
5. Non ridiculizar o seu fillo en ningún caso.
6. Animar o equipo durante o partido, sen dar indicacións aos xogadores nin ao adestrador.
7. Entender a participación do seu fillo como un proceso de aprendizaxe e non só como unha competición.
8. Aplaudir as boas accións que se produzan durante o xogo.
9. Respetar en todo momento os compañeiros do seu fillo sexa cal sexa o seu nivel deportivo, ao equipo contrario e ao árbitro.
10. Coñecer e colaborar na transmisión de valores que pretende inculcar o club.